


Día Internacional do Asperger 2022: pola inclusión plena do noso alumnado

Cada 18 de febreiro conmemórase o Día Internacional do síndrome de Asperger co obxectivo de dar o seu espazo a estas persoas para que podan desenvolverse plenamente na nosa sociedade

Para quen non o coñeza, o [síndrome de Asperger](#) é o trastorno do espectro do autismo (TEA) sen discapacidade intelectual asociada nin dificultades en aspectos formais da linguaxe. Comparte as características nucleares



do TEA, xa que as persoas con síndrome de Asperger teñen dificultades na comunicación social e na flexibilidade de pensamento e comportamento.

Aínda que a categoría diagnóstica específica desapareceu dos sistemas de clasificación internacionais de saúde e trastornos mentais, mantense a denominación social de síndrome de Asperger por unha cuestión de identidade e polo sentimento de pertenza que poden presentar as persoas que foron diagnosticadas baixo esta categoría.

Como se comunica unha persoa coa síndrome de Asperger?

Dende [Autismo España](#) explican que as persoas con síndrome de Asperger teñen dificultade para entender a comunicación non verbal (xestos, expresións faciais, ton de voz, ...) e as mensaxes sutís que se transmiten a través deste canal. Por exemplo, elas poden falar durante moito tempo dos seus temas de interese, pero ten dificultade para saber cando terminar a conversación. Ademais, cústalle escoller temas dos que “falar por falar” ou ter unha charla “social” con outras persoas.

A persoa coa síndrome de Asperger é moi literal; xa que comprende a linguaxe segundo o significado exacto das palabras. Isto fai que moitas veces non entenda as bromas, os chistes, as metáforas ou os sarcasmos. A súa expresión verbal é correcta pero, ás veces, utiliza a linguaxe de xeito moi formal, sendo demasiado preciso, técnico e incluso pedante.

Como se relaciona unha persoa coa síndrome de Asperger?

No aspecto dunha relación social, ás persoas coa síndrome de Asperger resúltalle difícil recoñecer e comprender as regras sociais “non escritas” polo que, ás veces, pode comportarse de maneira inadecuada sen darse conta. Ten a intención de querer relacionarse cos demais, pero non sabe como facelo polo que, ás veces, pode atoparse só. É por iso que lle resulta moi difícil manexarse en situacións nas que ten que interactuar con moitas persoas á vez, o que pode parecer que non quere relacionarse ou integrarse no grupo. Pode parecer que non expresa as súas emocións nin ten en conta as dos demais pero, en realidade, é que lle resulta moi complexo darse conta intuitivamente de cales son os sentimentos e emocións doutras persoas. Ademais, atopa difícil expresar as súas propias emocións dunha maneira convencional polo que, ás veces, pode parecer que reaccionan de maneira inadecuada, desproporcionada ou “fóra de lugar”.

Como pensa unha persoa coa síndrome de Asperger?

Se nos metemos na mente dunha persoa con síndrome de Asperger, atopamos que a súa forma de pensar é ríxida e concreta. Isto axúdalle en actividades que requiren atención a detalles e repetición de patróns. Con todo, ten dificultades en tarefas que requiren flexibilidade ou procura de alternativas para a resolución de problemas. É por iso que é fiel ás rutinas que, en ocasións, segue de maneira ríxida e repetitiva.

As rutinas proporcionanlle ás persoas con síndrome de Asperger seguridade e pautas concretas de actuación pero limitan o seu comportamento dificultando a adaptación a cambios, situacións novas ou pouco previsibles. Estas persoas teñen intereses moi concretos e específicos sobre os que acumula moita información e dedica moito tempo, converténdose, en ocasións, en fonte principal de conversación e dedicación. Pode ser extremadamente sensible a algúns estímulos do ambiente, resultándolle molestos ou dolorosos (ruídos, luces, cheiros, sabores, etc.).

Como podemos axudar a unha persoa coa síndrome de Asperger?

Dende a asociación Autismo España lanzan unha serie de pautas sobre como axudar a unha persoa coa síndrome de Asperger:

- Reflexiona sobre os desafíos sociais que afrontas todos os días e tenta poñerche no lugar dunha persoa que xenuinamente non os comprende nin sabe como afrontalos.
- Trata de empatizar coa súa experiencia e procura comprendela, aínda que ás veces sexa moi distinta ao “convencional”.
- Interésache por coñecer ben á persoa, os seus gustos e intereses, os seus puntos fortes e débiles, e as cousas que son importantes para ela.
- Será necesario que fagas explícitos algúns conceptos que para a maior parte das persoas son obvios, especialmente relativas ás relacións sociais.
- Utiliza unha linguaxe directa e concreta, sen ambigüidades ou dobres sentidos. Isto fará que a comunicación sexa máis sinxela e satisfactoria para a persoa.
- Comprende que os seus comportamentos non son caprichosos ou intencionados. Reflicten unha maneira distinta de comprender e desenvolverse no mundo.
- Comprende a importancia das súas rutinas e “rixideces”. Son elementos importantes que lle proporcionan seguridade. Podes axudar a flexibilizalas sen impoñer a túa maneira de ver as cousas.
- Pregúntalle cal é a mellor maneira de apoiarlle. El ou ela saberache explicar cales son os seus puntos fortes e débiles e como prefire que lle axudes.

DPTO. DE ORIENTACIÓN